



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

EXPTE. 2020/G010/000001

ACTA SESIÓN ORDINARIA
CONCELLO PLENO
31 DE XANEIRO DE 2020

Srs./ Sras. Asistentes:

Sra. Alcaldesa-Presidenta:

Dna. Sandra Insua Rial

Sres./Sras. Concelleiros/as:

D. Fabián Canosa Pasantes

Dna. Encarnación Liñeiro Pouso

D. Sergio Caamaño Fernández

Dna. Begoña Tajés Méndez

D. Germán Camiño Mouzo

Dna. Lara Pasantes Campaña

Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño

D. Mauricio Auffero Vigo

Dna. Paula Mouzo Mas

Dna. Yolanda Fernández Pájaro

D. Santiago Pose Parga

Dna. Ilva Carril Martínez

Escusa a súa asistencia:

...

Secretaria:

Dna. M^a Loreto López Fernández

En Camariñas, sendo as 20:00 horas do día **trinta e un de xaneiro de dous mil vinte** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistido da Secretaria da Corporación, Dna. M^a Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, ao obxecto de celebrar **sesión ordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA

PARTE I: ADOCIÓN DE ACORDOS

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29 DE NOVIEMBRE DE 2019



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión ordinaria (2019/G010/000015) celebrada o día 29 de novembro de 2019** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a acta da sesión ordinaria de 29 de novembro de 2019.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 17 DE DECEMBRO DE 2019

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión extraordinaria (2019/G010/000016) celebrada o día 17 de decembro de 2019** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a acta da sesión extraordinaria de 17 de decembro de 2019.

3º.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DA MOSTRA DO ENCAIXE DE CAMARIÑAS COMO FESTA DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

Vista a Orde ITC/251/2019, do 25 de xullo, pola que se regula a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional do Ministerio de Industria Comercio e Turismo.

Considerando que o art. 2 da citada Orde establece que: *“A declaración de festa de interese turístico nacional outorgarase a aquelas festas ou acontecementos que, sendo declarados festa de interese turístico pola correspondente comunidade autónoma con polo menos cinco anos de antigüidade, supoñan manifestacións de valores culturais e de longa tradición popular, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e que teñan unha especial importancia como atractivo turístico. Dita declaración realizada pola comunidade autónoma non poderá incluír a denominación de nacional”.*



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Considerando que a Mostra de Encaixe cumpre co sinalado no artigo anteriormente transcrito e cos demais requisitos esixidos para que lle sexa concedida a declaración de festa de interese turístico nacional, segundo consta na memoria explicativa que obra no expediente.

Vistos pois os fundamentos anteriormente expostos e aos efectos de dar cumprimento ao establecido na Orde ITC/251/2019 en relación aos requisitos que debe reunir a solicitude de declaración de festa de interese turístico nacional, se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro: Solicitar á Xunta de Galicia informe favorable para a declaración da Mostra de Encaixe de Camariñas como festa de interese turístico nacional.

Segundo: Que unha vez sexa obtido o devandito informe se solicite á Secretaría de Estado de Turismo a declaración da Mostra de Encaixe de Camariñas como festa de interese turístico nacional, achegando a documentación esixida pola Orde ITC/251/2019.

Terceiro: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Fai xa un ano, xa na anterior Mostra, tentamos empezar o expediente para a declaración de Festa de Interese Turístico Nacional, había algún dos puntos que non o cumpramos, e volvemos retomar o tema.

Eu falei coa Secretaria de Estado de Turismo en FITUR e me dixo que mirara ben a Orde e que se o Concello o consideraba había que levalo a pleno. Primeiro o ten que informar a Xunta, ten que ter cinco anos como festa de interese autonómico que si que os ten, ten moitos máis, despois do informe da Xunta vai a Madrid.

Eu penso... María Jiménez e Emilio me din que si que cumprimos os requisitos, para Mostra é importante porque podemos acceder a outro tipo de axudas, ABANCA ten un convenio asinado coas festas de interese turístico nacional, agora nos dá 1.500 € por ser de interese autonómico, se é de interese nacional pasamos a 4.500 €.

Consideramos que a nós non nos supón ningún gasto nin nada, unha das cousas que nos fai falta é aprobalo en pleno. Ademais sería bonito que antes da celebración da Mostra viñera concedido, non sei se virá, pero o importante é..., eu creo que durante este ano nos concederán o galardón.

Despois, imaxínate se conseguimos ser Festa de Interese Turístico Nacional, despois de cinco anos se pode solicitar a concesión de Festa de Interese Turístico Internacional, que tamén cumprimos cos requisitos, coas delegación estranxeiras saímos en case todos os periódicos de alá. Un dos requisitos é que figures na prensa internacional, case é tan fácil saír na prensa nacional como na internacional”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Preguntei que factores positivos tiña e o acabas de dicir ti agora”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Por exemplo nas revistas de Tour España hai un apartado que é para as Festas de Interese Turístico Nacional e en Galicia só hai dez, é



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

importante que sexa, o que está claro é que non supón ningún gasto máis, non supón nada e ímolo intentar”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

4º.- PLAN ANUAL NORMATIVO

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

A Lei de Bases de Réxime local, no seu artigo 4.1 recoñece aos municipios, na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial, a potestade regulamentaria, isto é a facultade de elaborar e aprobar disposicións xurídicas de carácter xeral que implican a innovación do ordenamento xurídico.

O Título VI da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, aborda a potestade normativa das entidades públicas, recollendo os principios aos que ten que axustarse no seu exercicio a administración titular, e facer así efectivos os dereitos constitucionais nese ámbito, apostando pola mellora da planificación normativa *ex ante*, ao fin de lograr unha superior seguridade xurídica e a predictibilidade do ordenamento xurídico, mediante a divulgación dun plan anual no que se recollerán as propostas regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación o exercicio seguinte.

Así o art. 132 do citado texto legal establece que: “1. *Anualmente, as Administracións Públicas farán público un Plan Normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.*

2. *Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente”.*

En cumprimento desta normativa sométese ao pleno, o documento comprensivo do Plan normativo para o exercicio 2020, no que se recollen as propostas regulamentarias que van ser elevadas ou está previsto elevar e este órgano, para a súa aprobación, nese período temporal.

Vistos, pois os fundamentos anteriormente expostos e polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Plan normativo anual do Concello de Camariñas para o exercicio de 2020, no que se prevé a elaboración e posterior tramitación e aprobación das seguintes normas xurídicas ou a modificación das actualmente en vigor:

Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xaneiro de 2020

4/33



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

INICIATIVA NOVA:

ORDENANZAS E REGULAMENTOS:

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A DEFENSA, PROTECCIÓN, BENESTAR E TENENCIA RESPONSABLE DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA NO CONCELLO DE CAMARIÑAS

MOTIVACIÓN: A Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia de 11 de outubro de 2017. Esta disposición ten por obxecto establecer as normas que garanten a protección e benestar, así como a posesión e tenencia responsable dos animais de compañía, incluíndo aos silvestres mantidos en cautividade con fins distintos dos produtivos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

O art. 5 establece que: *“Todas as administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e na denuncia ante os órganos competentes de calquera actuación contraria ao disposto na mesma”*; concretando as competencias dos municipios nesta materia no art. 6 ao atribuír ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no seu termo municipal.

INICIATIVAS EN TRAMITACIÓN

PLANEAMENTO URBANÍSTICO:

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. Se pretende aprobalo definitivamente este ano.

PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CONCELLO DE CAMARIÑAS. Se pretende aprobalo definitivamente este ano, estando aínda pendente de aprobación provisional.

ESTUDO DE DETALLE PARA REAXUSTE DE ALIÑACIÓN NO CUARTEIRÓN EXISTENTE ENTRE A RÚA DA RAMPA E O PASEO MARÍTIMO DE CAMELLE. Plan de iniciativa particular, se pretende aprobalo definitivamente este ano.

Segundo: Publicar o presente acordo no portal de transparencia.

Terceiro: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Para aprobar certas ordenanzas a lei obriga a aprobar un plan normativo a principios de ano coas ordenanzas que se pensan quitar durante todo o ano, temos xa elaborada a ordenanza para a protección de animais domésticos, recoller a dichosa caca dos cans, isto vai case por ese tema. A segunda é aprobación da modificación do PXOM que xa se fixo, o PEPRI xa está informado tamén, imos ver se vai o próximo mes en provisional, e o estudo de detalle de Camelle é porque



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

hai contradición nas aliñacións entre o PXOM e a liña de costas, entón hai que aprobar un Estudo de Detalle. Isto é o que se prevé, se intentará cumprir con isto”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Este tema da aliñación que lle pasou a esta señora en Camelle pasa só aí ou pasa en máis sitios?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Neste caso ela presentou un Estudo de Detalle que foi o que lle recomendaron os técnicos, hai unha contradición entre costas e PXOM, e entón se fai un Estudo de Detalle para fixar a aliñación”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

5º.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2020

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas:

Vista a relación de facturas que se relacionan a continuación e que forman parte do expediente REC 1/2020.

Visto que as facturas foron recibidas no rexistro de entrada do Concello no exercicio 2020, pero corresponden a servizos efectivamente realizados no ano anterior, polo que non puideron ser aprobados no exercicio no que se prestou o servizo por non constar presentadas as facturas.

Visto que se tratan de gastos que se levan aprobando mensualmente.

Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Camariñas, e acreditada a débeda contraída cos provedores sinalados, e visto o Informe de Reparación formulado pola Intervención Municipal, de data 21 de xaneiro de 2020, se propón a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Resolver a discrepancia formulada, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.

Segundo. - Aprobar conforme ao artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2019 prorrogado para o 2020, o recoñecemento extrajudicial de crédito (expte. REC 1/2020), aprobando as seguintes facturas e transferencia:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
F/2020/098	08/01/2020	CI0915578737	01/01/2020	1187,24	A80907397	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U	Total servicio (AAPP_devolucionfacturas_FACE@vodafone.es https://webservice.face.gob.es/facturasspp)
F/2020/100	08/01/2020	CI0915584769	01/01/2020	46,31	A80907397	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U	Total servicio (AAPP_devolucionfacturas_FACE@vodafone.es https://webservice.face.gob.es/facturasspp)
F/2020/113	09/01/2020	006058/Y/19/000096	09/01/2020	3319,34	A15212798	ROALSA	combustible diciembre 2019
F/2020/115	10/01/2020	20 05	09/01/2020	1097,08	B15822000	GRUPO REACTEDA, S.L.	axuda no fogar decembro 2019 sabados
F/2020/116	10/01/2020	20 6	09/01/2020	3001,73	B15822000	GRUPO REACTEDA, S.L.	axuda no fogar decembro 2019 domingos e festivos
F/2020/117	10/01/2020	20 7	09/01/2020	16325,69	B15822000	GRUPO REACTEDA, S.L.	axuda no fogar decembro 2019 medias xornadas
F/2020/118	10/01/2020	20 8	09/01/2020	1422,16	B15822000	GRUPO REACTEDA, S.L.	axuda no fogar decembro 2019 semana dependencia
F/2020/119	10/01/2020	20 9	09/01/2020	1419,69	B15822000	GRUPO REACTEDA, S.L.	axuda no fogar decembro 2019 ordinaria
F/2020	09/01	164	31/12	760	3281	MARI	CLASES BAILE E PANDERETA, MES DE

Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xaneiro de 2020

7/33

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento
(artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
0/153	/2020		/2019		0756 Z	NA TORRADO VARELA	DECEMBRO 2019
F/2020/178	14/01/2020	A/1914296	01/01/2020	48,4	A82581638	XTRA TELECOM, S.A.U	FAX, PERIODO DECEMBRO 2019
F/2020/212	19/01/2020	TA6BF0186649	19/01/2020	25,28	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	Periodo regular de tráfico (01 dic. a 31 dic. 20)

Terceiro.- Que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, se dea traslado do presente acordo os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias e proceda o seu pagamento.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A interventora que está, que é a de Cee, considera que hai que levar estas facturas a REC e o primeiro REC do 2020, son facturas que entraron en xaneiro pero son de decembro VODAFONE, ROALSA, REACTEDA... é un requisito que teña que vir a pleno e aprobalas”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Hai máis no caixón sempre se fan tres ou catro recoñecementos ao ano?, este é o primeiro”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Ti fas un orzamento pero tamén te pasa na casa, eu pensei en aforrar máis este ano e non aforrei”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Dise que se incumpre a contratación menor, que non está ben, que non son contratacións menores e que non cumpren os requisitos e se seguen levando, todos os anos e todos os meses”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Si, os temos que quitar pero temos os medios que temos, a interventora leva un ano de baixa, por min que se fagan os pregos e que se quite, pero temos que ir pouco a pouco, temos que quitar o SAF, temos que ir pouco a pouco”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “É o que falamos, o informe da interventora é un informe devastador, digo eu que a interventora terá que facer o seu traballo, e se ela o reflicte aquí será que as cousas non están ben feitas”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A interventora está traballando un 30% da xornada nada máis ...”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Que dis que é mentira?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu non estou dicindo iso, eu non digo que sexa mentira, eu o que digo é que os medios que temos neste momento son estes, estamos tentando quitar os pregos, ogallá tivese todo quitado incluso se podería aforrar en algún servizo pero temos que ir pouco a pouco segundo os medios que temos”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (8 grupo municipal socialista e 4 grupo municipal do PP)
Votos en contra: (1 grupo mixto-BNG)
Abstencións: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos seus membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas.

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo municipal do PP, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

APOYO AL SECTOR MAR-INDUSTRIA ALIMENTARIO DE LA COMARCA FRENTE AL PROYECTO DE REFORMA DE LA LEGISLACIÓN DE COSTAS

Los proyectos de reforma de la Ley de Costas y de su Reglamento causan enorme preocupación para el conjunto de las actividades económicas que para ejercer en condiciones de aceptables de rentabilidad se ubican en la franja costera, fundamentalmente porque necesitan un emplazamiento y una disposición fundamental relativo a captación de agua del mar. Esto se lleva a cabo a través de mecanismos de impulsión y salida dispuestos en la zona que va desde sus instalaciones hasta los puntos de captación y salida bajo el agua, soterrados, aprobados y adaptados a todas las normativas vigentes en la actualidad

El proyecto de reforma del Reglamento de Costas que está elaborando el Ministerio para la Transición ecológica, y que por su gran calado va a obligar a reformar igualmente la Ley de Costas, preocupa enormemente a los sectores productivos afectados dado que se han pretende introducir una serie de preceptos nuevos que amparan algunas interpretaciones muy restrictivas que se estaban haciendo de la ley de Costas, y se diseminan por todo su articulado preceptos nuevos muy genéricos y abstractos que recrudecen las exigencias medioambientales en claro detrimento de las posibilidades de ejercicio legítimo y sostenible de las actividades ligadas tradicionalmente al mar de



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Galicia, que son las que conforman el tejido productivo costero de nuestra Comunidad Autónoma en general, y de nuestra comarca en particular.

Como ejemplo, el borrador de nuevo Reglamento recorta drásticamente la figura de la prórroga extraordinaria de las concesiones de ocupación de dominio público marítimo terrestre, desvirtuando la letra y el espíritu con el que se creó esta figura en la reforma de la Ley de Costas de 2013, y que venía precisamente a apoyar a las actividades productivas costeras que iban a llegar a su término, y ser desmanteladas por tanto, en el año 2018 (30 años después de la Ley de Costas originaria, de 1988).

La clave del debate estriba en que dicha ley creó una figura novedosa, que dejó sin efecto la limitación del plazo máximo de duración que se establecía en la Ley de Costas de 1988, precisamente creando una prórroga *extraordinaria*, a contar desde la fecha en la que ésta se solicitara, tal como la ley y el reglamento establecían y siguen estableciendo. Lo que se pretende con la reforma del Reglamento es modificar el día de cómputo inicial, atrasándolo 30 años atrás, hasta el día uno de la concesión en vigor.

En el mismo sentido, se refuerzan los requisitos necesarios para renovar las concesiones y para obtener prórrogas de las actualmente existentes, pasando de los 4 criterios orientativos hasta hoy vigentes a los 18 que se pretenden introducir.

Y lo más preocupante es que la mayoría de esos nuevos requisitos quedan en una total indefinición, de manera que se deja la puerta abierta para la arbitrariedad más absoluta a la hora de decidir desde un despacho ministerial a cuáles de nuestras empresas y sectores se les permite continuar y a cuáles se las expulsa.

Ejemplo de esta abstracción, y por tanto, de la inseguridad jurídica que provocan, son requisitos nuevos como “el impacto paisajístico”, “la protección ecológica de la interacción tierra-mar”, “...el incremento altura de ola o cambios de dirección oleaje” (sic: art. 135.4), u “otros criterios como aplicación de lo previsto en cualquier otra norma española y europea, así como convenios internacionales que contengan regulación relativa a la costa y al mar ...” (citas textuales del borrador de nuevo Reglamento).

Sobre una base tan endeble y maximalista se pretende revisar todas las ubicaciones actuales en la costa que según los informes del Ministerio puedan no coincidir con esos nuevos criterios del borrador, algo que puede llevar a consecuencias devastadoras para los sectores productivos Gallegos vinculados a la costa y a toda la economía social y pesquera, al verse potencialmente afectados no solo las industrias productivas de país sino incluso una enorme cantidad de explotación asociadas a Miticultura, Acuicultura de Bivalvos y Marisqueo amen de edificaciones, viviendas entre ellas.

Por otro lado, que la experiencia de estos sectores evidencia que no son actividades en absoluto insostenibles desde el punto de vista medioambiental (como lo prueba el que están fuertemente controladas por diversos organismos públicos), y de hecho en ningún momento del borrador se afirma que la causa de la modificación sea una problemática de tipo ambiental, sino, únicamente, una decisión conceptual la apuesta de las autoridades de Costas por un litoral libre de actividad productiva, lo que supone a su vez optar por un uso preferentemente *recreativo* (para el que tampoco se da ninguna alternativa, por supuesto) frente a los usos productivos tradicionalmente vinculador al mar.

Ante esa situación tan alarmante para este Concello y su comarca, se somete al Pleno la aprobación de la siguiente moción:

.- Instar al Gobierno del Estado y especialmente al MITECO (Ministerio de Transición Ecológica):

1.- Reconozca la realidad de la Comunidad Autónoma Gallega y de la Comarca da Costa da Morte en relación a la realidad histórica y socioeconómica del sector Mar Industria,



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Acuicultura y Marisqueo que a lo largo del último siglo sirve como base fundamental para el desarrollo social y económico de esta comunidad, y que pone en entredicho un reglamento absurdo que demuestra el claro desconocimiento de la realidad social de nuestra comarca.

2-Con carácter previo a la aprobación de modificación alguna, entablar una mesa de análisis y negociación con los sectores vinculados al mar para acodar un acuerdo que permita que o proxecto do Reglamenteo General de costas y la Ley de Costas tenga en cuenta las reivindicaciones socioeconómicas del sector del Mar de Galicia.

3.- Negociar y aceptar un acuerdo para que se tenga en cuenta en dicho proxecto y en su Ley, en lo concerniente al plazo de sus concesiones, para las actividades económicas del complejo mar industria de la comarca que para su indispensable funcionamiento deban estar en el litoral, se comience a contar el plazo de concesión a partir de la solicitud de prórroga extraordinaria e no desde la fecha de concesión original.

4.- Dar traslado del presente acuerdo al Gobierno de Estado.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Para nós é unha cousa moi seria, calcúlase que pode haber máis de 50 edificacións que están en problemas co cambio no proxecto de lei que se está a facer polo goberno central”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “É un proxecto”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Este proxecto polo momento o que está a facer é que unha piscifactoría que se lle ía renovar a concesión se lle renovou só por un ano”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Coa lei que está vixente agora mesmo”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Pero é que ese problema non pasou nunca ata interpretación...”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Imos ver esa renovación desa piscifactoría con que lei se renova?, quen a aprobou?”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Co PP”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Quen era presidente?”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Quen a pon en práctica?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Quen a pon en practica non, si tes que andar a 50 Km/h tes que andar a 50, non a inventou Pedro Sánchez. Eses son os cinco puntos que hai que acordar agora o PSOE ten outra moción.”

O acordo é o mesmo, os acordos son os mesmos, os acordo que se van tomar por parte del como coa moción do PSOE é o mesmo, os dous queremos o mesmo pero os argumentos son distintos”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “O marco legislativo vixente na realidade que afecta ao noso sector mar- industria alimentaria, como así se denomina na propia moción é o conformado pola Lei de Costas aprobada por



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

maioría absoluta de Rajoy, no ano 2013 e o Regulamento Xeral de Costas aprobado de 2014, aprobado por dito goberno, é dicir, o actual marco normativo que afecta ao sector, as leis e regulamentos vixentes que se están a aplicar na actualidade derivan do mandato con maioría absoluta dun goberno do PP presidido por Mariano Rajoy, calquera consideración noutro sentido é rotundamente falsa.

Afondando máis nesta cuestión a Lei de Patrimonio das Administracións Públicas sobre as concesións indica que o seu prazo máximo de duración incluídas as prórrogas non poderá exceder de 75 anos, salvo que se estableza outro menor, foi aprobado polo goberno do PP presidido por José María Aznar, por certo, lei que prevalece sobre a Lei de Costas, como se recoñece no propio texto legal desta última. Ao que deberían sumarse as sentencias de obrigado cumprimento do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional que afectan a dito marco legal.

Polo tanto cumpre, e insistimos nilo, deixar negro sobre branco nesta cuestión, todo expediente, calquera cuestión coas concesións no dominio público marítimo terrestre realizadas polo actual goberno socialista ten como base e non pode ser doutra forma o marco lexislativo aprobado no seu día polo PP, calquera outra interpretación é falsa e constitúe unha perversión política que cualifica de indigno ao que a utiliza e difunde.

En segundo lugar a moción critica que se estean a utilizar criterios para determinación de concesións que complican a vida ao sector agro-mar- alimentario, por exemplo o PP sinala que no texto do borrador se incorporan requisitos novos que xeran inseguridade xurídica e cita expresamente o impacto paisaxístico...”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Podo facer un inciso, antes que nada, a moción é presentada polo sector non polo PP”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Nesa moción se sinala que no texto do borrador se di que se incorporan requisitos novos que xeran inseguridade xurídica e cita expresamente o impacto paisaxístico pero calquera poderá comprobar como no actual regulamento de costas do goberno de Rajoy figuran media ducia de referencias, basta con citar a seguinte: “así mesmo a determinación do prazo da concesión terá en conta os seguintes criterios: a) o impacto paisaxístico do obxecto da concesión que se solicita”.

En terceiro lugar o goberno tomou a decisión de abordar un novo Regulamento Xeral de Costas ante a incerteza xurídica e a ambigüidade producida polos criterios do texto do ano 2014, unha cuestión avalada polos informes da avogacía do Estado, tomando como base as sentenzas que se estaban a producir desde o Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional, como antes vimos de sinalar, e ante as evidencias dun texto que o propio sector consideraba que non ofrecía seguridade xurídica suficiente, deixando ao azar do goberno de turno as posibles interpretacións subxectivas ou mesmo contraditorias que non se corresponden cunha boa técnica lexislativa”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Estaste contradicindo”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Non, non me estou contradicindo. Estou dicindo que o texto actual da lei é ambigüo”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Estasme dando a razón”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “O actual. Despois da análise das alegacións e as conclusións dos grupos de traballo entre eles as presentadas pola Xunta de Galicia o Ministerio tomou a decisión de paralizar a redacción dun novo Regulamento Xeral de Costas, dito doutra forma, non proseguir coa tramitación do proxecto de Real Decreto para un novo regulamento de costas”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Quen dixo iso? Alguén do Goberno dixo iso?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Dixo Mauro, Mauro di.. pero nós non o podemos dicir”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Hoxe en La Voz de Galicia...”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non é todo verdade o que di La Voz de Galicia. Nós o que dicimos Non hai ningunha tramitación. Ademais a ti os argumentos políticos chos manda o partido ti non es tan listo como para fácelos ti, non fixestes a Lei de Costas nin fixestes o proxecto”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “É unha moción que a manda o sector”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O sector reunime con el, Mauro, os puntos de vista van ser distintos pero o acordo vai ser unánime dos dous, o que ti pides tamén o imos pedir nós, que se teña en conta ao sector, que se teña en conta as condicións de Galicia, que se teña en conta ... imos tomar a mesma decisión, aprobamos a túa moción... pero os argumentos”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Aprobades o que queirades, nós imos aprobar a nosa que para iso nola deron”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Ti non vas aprobar nada porque a maioría a teño eu”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo municipal do PP a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 4 (4 grupo municipal do PP) Votos en contra: 8 (8 grupo municipal socialista) Abstencións: 1 (1 grupo mixto -BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda non aprobar a moción presentada polo grupo municipal do PP.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE

En primeiro lugar procédese á votación da urxencia da seguinte moción presentada polo grupo municipal socialista, sendo declarada a urxencia por unanimidade dos membros



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

presentes, 13 votos a favor (8 do grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 do grupo mixto-BNG).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno tomou a decisión no seu día de abordar un novo Regulamento Xeral de Costas, fundamentalmente ante a incerteza xurídica e a ambigüidade de criterios producidas polo texto do ano 2014. Unha cuestión avalada polos informes da Avogacía do Estado tomando como base ás sentenzas que se estaban a producir dende o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional e ante as evidencias dun texto que o propio sector entendía que non ofrecía a seguridade xurídica suficiente, deixando ao azar do goberno de turno posibles interpretacións subxectivas ou mesmo contraditorias que non se corresponden cunha boa técnica lexislativa.

Pois ben, despois da análise das alegacións e das conclusións dos grupos de traballo, tamén as presentadas pola Xunta de Galicia, o ministerio tomou a decisión de paralizar o proceso de redacción dun novo Regulamento Xeral de Costas.

Dito doutra forma, o goberno tomou a decisión de non proseguir coa tramitación do proxecto de real decreto para un novo Regulamento de Costas.

Isto quere dicir que neste momento non está en trámite ningunha modificación do Regulamento Xeral de Costas.

Entendemos a preocupación de moitas familias que dependen de instalacións situadas no dominio público.

* No verán de 2018 presentáronse moitas solicitudes de ampliación de prazo, pois caducaban as concesións de 30 anos concedidas ao abeiro da lei de costas de 1988 (o chamado "efecto 2018").

* En toda España, aínda que houbo unhas 1.700 concesións "de efecto 2018", só 900 foron solicitadas para a prórroga, caducando as restantes. Das 900, 174 resolvéronse antes do cambio de Goberno.

* En Galicia hai 394 concesións que poderían beneficiarse da prórroga extraordinaria. Destes 135 non o fixeron a tempo e xa caducaron, polo que xa perderon ese dereito, pero poderían solicitar unha nova concesión (que se resolvería de acordo coa lexislación vixente). Ademais, 174 seguen vixentes e teñen un prazo para solicitar a prórroga. Así que só 85 solicitaron a ampliación polo de agora. Destes 85, 33 xa foron concedidos e 3 renunciaron.

* En canto aos usos, a actividade ligada a portos, acuicultura, salina, navegación, etc., cuxa natureza esixe colocar no Dominio Público Marítimo Terrestre, son usos comerciais ou industriais que non supoñen problemas. Para outros tipos de usos industriais é necesarios demostrar que a súa natureza require ese emprazamento. En canto ás instalacións e servizos públicos en Dominio Público Marítimo Terrestre, a modificación reguladora non altera en absoluto o réxime xurídico destas instalacións. Cómpre sinalar que as aplicacións cuxa natureza require a súa localización en Dominio Público Marítimo Terrestre, aínda que o prazo da posible prórroga expirou, sempre poden solicitar unha nova concesión.

En canto ao prazo (75 anos), esta cuestión non afecta ás concesións de instalacións de acuicultura xa que o prazo máximo para a actividade acuícola establecido no artigo 53 da

Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 31 de xaneiro de 2020

14/33



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, ten 10 anos e pódese estender por períodos de igual duración, non superando o total de 50 anos.

Para concluír,

1.- Na actualidade non está en trámite ningunha modificación do Regulamento Xeral de Costas.

2.- O actual marco legal regulatorio do dominio público marítimo terrestre e das concesións nel situadas é o conformado pola lei de costas e o regulamento xeral de costas aprobados polo goberno anterior.

Ante esta situación sométese ó Pleno a aprobación da seguinte MOCIÓN:

1.- Trasladar ao Goberno de España e ao seu Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Vicepresidencia 4ª) a necesidade de ter en conta a especial relación co mar que presenta Camariñas e Galicia e polo tanto a necesidade de facer compatíbeis a preservación do litoral e a paisaxe co mantemento dos postos de traballo e a actividade no borde litoral.

2.- Demandar a aplicación da actual normativa legal (Lei de Costas de 2013 e Regulamento da Lei de Costas de 2014) coa máxima flexibilidade posible, para facilitar o desenvolvemento de actividades compatíbeis coa protección do litoral.

3.- Demandar que calquera futura modificación normativa que afecte á lei de costas ou aos seu regulamento se faga mediante un diálogo amplo cos representantes dos sectores afectados e as autoridades locais e autonómicas pertinentes, ademais dos mecanismos xa previstos na lexislación, de xeito que se procuren as mellores solucións para impulsar a actividade económica e ao tempo facer a protección do noso litoral.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Eu entendo que hai que defender os postos de traballo desde logo, como non imos defender os postos de traballo na comarca, que hai tan poucos, pero dende o BNG entendemos que hai moito mal feito e non queremos que se sega facendo ese mal, polo que me vou abster porque eu defendo os postos de traballo pero moita da industria que hai posta non debería estar, agora está, hai que defender os postos de traballo pero co tempo hai que ir pensando en cambiar a historia e eses postos de traballo fácelos noutra cousa e volver as tornas ao sitio onde eran que era a nosa natura, sobre todo no faro Vilán, ese terrorismo medio ambiental que hai feito aí, como sempre estivemos en contra diso ímonos abster por iso”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Vou repetir os tres acordos que se van tomar:

1º.- Trasladar ao Goberno de España e ao seu Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (Vicepresidencia 4ª) a necesidade de ter en conta a especial relación co mar que presenta Camariñas e Galicia e polo tanto a necesidade de facer compatíbeis a preservación do litoral e a paisaxe co mantemento dos postos de traballo e a actividade no borde litoral.

2º.- Demandar a aplicación da actual normativa legal (Lei de Costas de 2013 e Regulamento da Lei de Costas de 2014) coa máxima flexibilidade posible, para facilitar o desenvolvemento de actividades compatíbeis coa protección do litoral.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

3º.- Demandar que calquera futura modificación normativa que afecte á lei de costas ou aos seu regulamento se faga mediante un diálogo amplo cos representantes dos sectores afectados e as autoridades locais e autonómicas pertinentes, ademais dos mecanismos xa previstos na lexislación, de xeito que se procuren as mellores solucións para impulsar a actividade económica e ao tempo facer a protección do noso litoral.

Ese é o acordo que se vai tomar que coincide co teu”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Agora vou dicirle a Sergio como voceiro desta moción: primeiro está feito todo interpretando as leis que aprobou o PP no seu momento pero que casualidade que esas leis non deron nunca ese tipo de problemas ata que entrou o goberno do Partido Socialista e empezou a interpretar a lei”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Unha lei non se interpreta ou é ou non é”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Te explico o que significa o efecto 2018?”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Se no 2018 acabou e estamos no 2020, non houbo ningún problema nas concesións que se deron.

Se ti estás dicindo que o Partido Socialista no seu día alegou contra a Lei aprobada no 2013 porque era unha lei ambigua de difícil interpretación para o goberno que estivese nese momento, estasme dando a razón de que é a interpretación da lei a que está levando a onde estamos agora, á renovación da concesión por un ano, cando desde o PP se estaban renovando automaticamente de dez en dez anos”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Se a lei está aí, hai que cumprir a lei. A lei é a que hai”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Empeza a contar 40 anos pero desde a primeira concesión ou desde a primeira renovación?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A lei está mal, fixéstela mal, a lei que está agora está mal”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Quen está interpretando a lei? Agora mesmo o partido socialista, e quen está mandando os escritos ...? porque vós dicides que non está en trámite a modificación do regulamento da Lei de Costas, se iso é verdade por que unha persoa do Ministerio non sae na prensa ou se reúne co sector e di este tema está paralizado?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Nós dicimos que está paralizado”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “A min con todos os respectos que mo diga ...”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A min non me importa que creas a min, a aquí estamos debatendo unha moción e imos tomar un acordo, verdade? Pois ese é o acordo que se vai tomar”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Non habendo ningunha intervención máis e sometida a moción do grupo municipal do socialista a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (8 grupo municipal do PSdeG-PSOE)
Votos en contra: 4 (4 grupo municipal do PP)
Abstencións: 1 (1 grupo mixto -BNG)

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar a moción presentada polo grupo municipal socialista.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “E unha moción en relación á débeda do Estado con Galicia”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non consideramos que sexa urxente porque consideramos que a Camariñas non lle afecta nin o máis mínimo”.

A Sra. Alcaldesa- Presidenta somete a votación a inclusión na orde do día por razóns de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto -BNG)
Votos en contra: 8 (8 grupo municipal do PSdeG-PSOE)
Abstencións: 0

Polo que non alcanzada a maioría absoluta necesaria queda rexeitada a súa inclusión na orde do día.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

7º.- DECRETOS DE ALCALDÍA E COMUNICACIÓNS

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta dos decretos firmados pola Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “A ver se podemos poñer contenedores en Area de Vila e en Lago porque agora a xente se dedica a recoller plástico pero non hai onde botalo.”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “No caso de Area de Vila non pode ir o camiión, se hai contenedor non pode ir aí, xa lle puxen papeleira”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero non caben”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Iso non pode ir no contenedor verde, non chega o camión, non hai maneira de chegar”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Haberá que ter unha solución para ter as praias limpas”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu xa lle digo a todas estas persoas... me mandan un WhatsApp que deixan a pila sen recoller e eu xa mando ao día seguinte ao de obras. Tan pronto me avisaron eu xa o mandei”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “O mesmo que vai o de obras a recoller o lixo que está xunto pón un contenedor, trae o contenedor”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Imos miralo, pero en Area da Vila é complicado”.

A Concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Mouzo Mas: “Pero onde aparcan os coches si, non? Fronte Sambade”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A min no me costa poñer alí un contenedor. De todas formas insisto no contenedor verde non pode ir todo iso que se recolle”.

O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo: “E logo non é mellor, pregunto, que leven sacos como fixeron agora que se recolleu”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Ti estás falando de persoas que van en grupo a limpar praias, pero non, eu por exemplo vou coa miña cadela e recollo o lixo. O concello terá facilitarlle á xente de ben que queira... temos que facilitarlló nós”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu dígoche por exemplo que na Paxariña limpan un montón de fins semanas deixan unha pila e eu mando o luns recoller, non o podes poñer no contenedor verde nin no amarelo tampouco”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Estasme dicindo que a xente que vai recoller non abre as bolsas para ver o que hai dentro, non estás reciclando tampouco”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Eses sacos que recollemos témolos que meter nun contenedor de SIAVI, porque non é residuo sólido urbano. Hai que alugar un contenedor a SIAVI, que non o podemos poñer á vista de todo o mundo porque calquera podería enchelo con uralitas por exemplo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “É o que falamos, o contenedor de SIAVI é un contenedor grande, é o que che digo eu, os contenedores telos alí e cando estean cheos ...”

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “E máis dificultoso o contenedor de SIAVI non ten un volquete para volcar o contenedor verde”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “É complicar a cousa, por complicar a cousa. Estou dicindo que aquí tamén reciclamos tamén moi pouco, o que queremos é quitar o plástico do mar, se podemos facilitar iso, tanto que falamos da costa, de defender a costa. Se podemos limpar a costa e facilitar un pouquiño as cousas a xente, que problema hai? Poñamos un contenedor”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Pero ese residuo non pode ir ao contenedor de lixo, témolo que meter no contenedor de SIAVI e máis fácil meter as bolsas que envorcar un contenedor verde, non poden ir esas redes para o interior dun camión de lixo. O único sistema... para bascular un contenedor verde necesitas un mecanismo que lle dea a volta”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Estás dicindo que non limpen”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Que limpen, simplemente nós mandamos aos operarios e metémolo no contenedor de SIAVI que temos no almacén, como ata agora”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “A ver se podiamos eliminar o cobro dos certificado. En Vimianzo non se cobra”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu ata onde sei en Vimianzo para compulsar hai que ir ao notario e pagar 5 €”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Desde cando?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non se paga nada en Vimianzo? Xa che demostrarei como en Vimianzo para compulsar hai que ir ao notario e pagar 5 € e esperar un bo cacho alí”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “E ti compulsas?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non se pode, para compulsar hai que ir ao notario, aquí e en todos os sitios, aquí creo que se cobra 1,50 € por certificado”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “É que son cousas do Concello..., eu acórdome que me perderon uns papeis que eran meus e me querían cobrar 3 € por buscar dous papeis, para buscar os papeis que me perderon a min..., e pasa, neste Concello pasa”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Son taxas que hai que pagar”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Por que?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Porque están aprobadas”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “O que digo eliminar as taxas”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Rogas eliminar as taxas. O informe da interventora vai ser desfavorable que o saibas”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

PREGUNTAS

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu tamén os rogaría que as preguntas fosen por escrito, un día ou dous días antes para poder contestalas, se non vou dicir para o pleno seguinte”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Non te vou preguntar de cousas difíciles”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Difíciles, non difíciles pero ao mellor non o sei ou téñome que informar máis.”

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “As hortas que están ocupando as zonas públicas, haberá que facer algo con elas?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Hai que aprobar unha ordenanza, pero no plan normativo deste ano aínda non foi. Cando veñen por aquí nós mandamos ao policía local avisámolo, hai casos que son herdanzas sen repartir”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Como se podería facer na cabalgata ou nalgunhas cousas que hai para os nenos onde se levan caramelos e todas estas historias... a ver se podía non ser o envoltorio de plástico, días despois era unha basura, e entendo que os barrendeiros non darían abasto, porque aínda hai hoxe en día caramelos pola rúa”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “As dúas cousas son rogos”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Canto foi o custe do vídeo da Mostra do Encaixe?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Para o próximo porque aínda non o sei”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “A quen se contratou? Para o próximo... Por que? Cando firmastes?”

Que pasa nos xulgados?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero que cousas?”

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Vexo os decretos da Alcaldía poñendo avogados e procuradores para varias cousas”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Temos xuízos porque nos denuncian”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero de que?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Temos unha de Carmen Suárez e Estrella Antelo para que o ex-alcalde devolva todo o que cobrou desde a primeira sentenza ata segunda, tivemos que nomear avogado e procurador. Temos outra que rompemos un limpiaparabrisas, temos outra ...”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “E a que hai con MAPFRE?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Será por iso ... creo que hai algo dun cabalo de Reira ... todo así. Algún o gañamos”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Xa hai data de remate da rúa Río do Prado? Porque leva meses e meses, supoño que polo Concello haberá algún tipo de penalización...”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Solicitou prórroga sempre, se lle aprobaron as dúas últimas porque tamén choveu moitísimo, tivo que retrasar o traballo, agora nos atopamos con postes de FENOSA no medio e medio, volveron a solicitar prórroga e non te preocupes se o acabar a última prórroga houbera que meterlle sanción..., non é a primeira que xa se mete”.

O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga: “Non hai forma de quitar os postes?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero normalmente os temos que pagar nós, por exemplo nesa de Río do Prado son catro postes pero temos que pagalo nós e na obra non ía contemplado, tes que cambialos ti, e ter a liña subterránea pasada, eles non fan nada, autorizante”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Houbo unha promesa por parte do equipo de goberno de sacar a concurso todo, hai xente que na Mostra do Encaixe quere ofertar o seu traballo, e ofertar menos do que se paga actualmente por moitos gastos da Mostra, un exemplo pode ser o vídeo, cando se ten pensado por parte do equipo de goberno sacar todas as cousas a concurso? E non prorrogar automaticamente como se está facendo, que levámolo protestado moitísimos anos, as prórrogas sucesivas de contratacións menores que a lei o prohibe.

No Concello sempre se dixo de facer un prego e demais e nunca se fixo, cando entrou Sandra Insua se dixo que ía sacar todo a concurso, pero de momento non vemos que se esta a facer, cando se ten pensado fácelo?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu iso non o prometín, a lei obriga a sacar a concurso non o prometo eu nin nada, a lei obriga pero menos de 15.000 €, tres orzamentos e contratas a quen consideres.

No caso da Mostra do Encaixe, a verdade que é unha obsesión, é enfermizo, agora deixastes Aldea Madeira, porque a Mostra do Encaixe e Aldea Madeira é obsesión.

A Mostra do Encaixe, se hai algún fotógrafo ou algunha persoa que elabora vídeos deste tipo que veñan xunto a min e me ofrezan a súa idea, a min ou á Concelleira da Mostra e se nos gusta pois podemos falar, pero se ninguén ven xunto a min a presentarme nada. A quen mellor me guste a idea”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Que estades vendendo?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non estou vendendo nada”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Estás dicindo que veñan xunto a min, aínda que veñan xunto a ti non os vas coller porque a túa obsesión é facer o mesmo que o teu antecesor, coller a dedo”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “De verdade é enfermizo, por que non vou coller a idea dun fotógrafo de Camariñas que me transmite marabillosamente unha idea?, non sei que obsesión tedes ... é o único fotógrafo que hai agora en Camariñas”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Como? Hai uns cantos”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Uns cantos de Camariñas, non, acaba de chegar un rapaz, non hai máis”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Hai outro de alta como fotógrafo”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O que acaba de chegar, xa estou dicindo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Outro, outro, hai máis”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Eu non estou en contra de que o faga o vídeo ou as fotos esa persoa, o único que pido se outras persoas se poden presentar que se valore. A min me preguntan como poden facelo”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Que veñan falar comigo e se me presenta unha idea”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “A pregunta é cando se pode sacar todo a concurso, estase traballado xa, estase redactando o prego para o SAF que é un dos contratos, temos un prego para o subministro eléctrico e respecto ao vídeo do ano pasado non o fixo Diego”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Non me fagas rir, a min que me digas que non o cobrou Diego...”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O ano pasado non o fixo Diego, foi MBC”.

O fotografo está sempre a debate, Vito Diéguez traballa todos os anos na Mostra do Encaixe e non o nomeades nunca”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Que veñan falar comigo, imos ver se se abre un posto de traballo para facer isto, traédeme tal, pero ti non lle dis a ninguén: vide xunto a min a plantexarme algo. Ti non tes a porta aberta, vídeme plantexar calquera cousa, non os fas”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu o que digo é que Vito Diéguez leva dez anos traballando na Mostra ... e Diego... cantos fotógrafo máis hai en Camariñas porque eu ...”

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “E traballa como?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Vito Diéguez presenta factura e fai as fotos da Mostra, desde que eu levo a Mostra xa é a sexta ou a sétima, traballa sempre Vito



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Diéguez, e traballa Vito Diéguez e traballa Diego, eu non sei cantos fotografías máis hai, agora chegou ese rapaz, pois que veña falar comigo que me presente unha idea e se me gusta non teño problema ningún, eu non teño problema ningún. Aquí o único que ven sempre coa Mostra é Diego”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Aquí se dixo mil veces que o Sr. Pichurri non contratava a súa xente, que puxo un fillo fóra, o dixo na radio, porque marchou el porque colleran ao seu fillo e resulta que ese fillo está en todos os debates, e estamos na mesma, estamos na mesma, todo segue sendo a dedo. É mentir sobre mentir”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non é mentir, estou dicindo que se me presenta unha idea que se me gusta lle compro a idea”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Ti non das opción a ninguén”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Que non dou opción a ninguén? A porta do meu despecho está aberta a todo o mundo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Teñen que adiviñalo? Cando firmastes o ano pasado?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “E logo a Mostra non se fai todos os anos? Que veña cando queiran e me diga Sandra teño una idea para o cartel a Mostra para o vídeo deste ano...”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Hai algún tipo de prazo para presentar oferta?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O cartel da Mostra...”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Eu non falo do cartel, do vídeo, eu falo a Mostra en xeral, hai algún prazo para presentarse a eses servizos?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A empresa de modelos pedimos tres ofertas”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Se algunha axencia de modelos se quere presentar, é un supoñer, cando poden presentarse?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Por exemplo sacamos a concurso a cafetaría, é público, sae en La Voz de Galicia”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “O resto dos servizos por exemplo de carpintería, se alguén por exemplo se quere presentar para facer os traballos...”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Que se presente, se mo fai por 5.000 € o leva o momento”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “... se queren ofertar que oferten”



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero eu tamén teño que ter a seguridade de que ma armen, eu teño que organizar a Mostra, a empresa de modelos se ven unha por aí que non ten experiencia non lle dou a Mostra. Iluminación e son...”

Mira na Mostra hai montaxe, iluminación e son, modelos, fotógrafo, sempre o máis criticado o fotógrafo, a ver que máis cousas hai? ...

Estou dicindo: equipo de son, a quen invito?... E logo poño no periódico as empresas de son que queiran facer o son da Mostra que veñan... e o poño así no periódico que veñan presentar as súas ofertas”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Se é un contrato menor quen solicita as ofertas é o Concello”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu invito a quen queira invitar”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Eu os criticarei por facer isto toda a vida porque sempre chamades aos mesmos e traballa a mesma persoa”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero como me vas dicir que traballan os mesmos, traballou Collazo 20 anos, cambiei a empresa de modelos...”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Estase referindo a Alberto”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A súa obsesión é Alberto e Diego”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Estou falando de todos en xeral”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A Mostra a montaba sempre unha empresa de fóra, déuselle a unha empresa de Camariñas e agora se critica aos de Camariñas”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Canto cobraba a empresa de fóra? un ollo da cara”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Cobraba o mesmo, simplemente tomamos a decisión....”

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Eu creo que a resposta está máis que dada se tedes algunha dúbida sobre o que é un contrato menor ler a lei de contratos”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Eu non teño ningunha dúbida sobre o contrato menor, se me queres entender me entendes e se non non me entendes”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Estamos respostando a unha pregunta”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Eu estou facendo unha pregunta: se unha persoa se quere presentar para facer unha obra ou servizo na



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Mostra do Encaixe, con canto tempo de antelación ten que presentarse? Porque ao mellor vós cerrades en decembro de 2019 a Mostra de 2020”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Se hai unha empresa que queira facer eses servizos ao Concello que diga as cousas que fai e se lle pedirá un orzamento se se trata dun contrato menor e se é un concurso que entre na Plataforma de Contratación do Estado”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Entón, entendo que o dixo o outro día Germán Camiño de que iades sacar todo a concurso..., ides facer como se está facendo ata agora”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Todo o que se saque a concurso será pola Plataforma de Contratación do Estado como se fai coas obras, por exemplo”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Se a Mostra son todas cosas de 9.000, 10.000, 11.000 euros, nin hai máis”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Todos contratos menores”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “E que queres que lle faga, logo?”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Seguides facendo o que fixestes toda a vida con eles, que lle podo contestar a xente cando me pregunte?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu che recomendaría que lle dixeras vai falar coa alcaldesa que será a que decida”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “A xente pregunta, cando podo presentalo, podo fácelo, chego tarde?”

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “A Mostra ten unha directora que traballa todos os días do ano e unha concelleira delegada traballando todos os días do ano, entón terá que vir xunto a estas persoas a presentar os seus proxectos, a xente que teño os orzamentos dos vídeos viñeron eles aquí, hai tres orzamentos e viñeron eles a presentar as súas ideas, comprouse unha e iso é o que ten que facer o carpinteiro ...”

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Hai tres orzamentos? Os do ano pasado non apareceron”.

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “Este hainos”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Pero se a min a Concelleira da Mostra me di que a cerramos a Mostra de 2020 en decembro de 2019...”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero que é iso de que cerramos...”

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Que tes todo contratado”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non, non é así, non hai un prazo”.

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “Estamos todos os días traballando niso”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Vouche contar o outro día chegou un chico unha empresa que fai mapping, veu el presentar o seu traballo gustounos e está contratado”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “O vídeo o presentades en FITUR en xaneiro o que queira presentar o vídeo...”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O ten que presentar en outubro ou en novembro”.

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “Houbo xente que veu falar comigo en agosto xa, os presupostos son de outubro e debateuse a idea coa alcaldesa e con parte dos concelleiros ou con todos e tomouse esa idea que é a que máis nos gustou das tres”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Hai fotografías que non se enteraron”.

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “O vídeo non o fai un fotógrafo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “É igual”.

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “O fai unha creativo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Hai fotografías que non saben que teñen un prazo para entrar, por exemplo o home que estaba aí sentado, dado de alta, fotografía de Camelle. Este home non sabe que prazos ten, houbo unha vez que lle mandaron facer a sobre cerrado”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Iso foi un concurso, con bases e todo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Foi a única vez que puido acceder”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero é que estades mezclando churras con merinas, cando foi ese caso foi un concurso que se fixo para elixir o cartel da Mostra, foi un concurso que quitamos e premiamos ao elixido con 300 € e fora votado nas redes e todo, pero iso era o concurso do cartel, non é nada parecido ao de agora”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Foi o único ao que puido acceder porque sabía como era, como se podía presentar, no resto el non sabe, non sabe o prazo, non sabe que en outubro ten que estar a idea posta aí”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Xa o sabes que para setembro ou outubro do ano que ven me veñan presentar as propostas que queiran e eu terei que mirar a que máis me guste”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Imos ver, que inauguramos en FITUR, levamos cinco anos presentado a Mostra en FITUR, cae de caixón que se presentamos a Mostra o 20 de xaneiro en FITUR terase que desenvolver algo en setembro outubro polo menos”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero non todo o mundo está porque ten outros traballos ... non ten porque estar pendente das datas, xa que temos unha páxina moi guay que di o que fai o Concello podería dicirse vense abrir prazos para a Mostra, quen queira se pode presentar, quen queira presentar un proxecto ten as portas abertas”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Hai catro anos esta persoa da que estamos falando veu ao Concello a ofrecer os seus servizos, veu el a ofrecer os seus servizos, estúdiouse outras ofertas e foi el a que se contratou”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Non estás falando de fotografía”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Esta semana veu unha empresa que se chama Matasam a ofrecer unhas bombillas, agora cada vez que quero unhas bombillas lle pido a Matasam tamén”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Aquí chegan comerciais de todo, non vou eu xunto aos comerciais”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Que acabo de dicir, a empresa lle dixon, vaite alí”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero verdade que veu? É lóxico. Eu dígoche que non sei se é fotógrafo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pois o é, por iso che digo que estás máis equivocada que o que ti te pensas ... e aparte está dado de alta coma fotógrafo”.

O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo: “É a primeira noticia que teño”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Outra pregunta”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Esas contratacións menores que se renovan anualmente cando se van sacar a concurso como obriga a lei?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Cando teñamos medios suficientes para ir quitando pouco a pouco todos os pregos”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “E xa avanzamos que o SAF e o subministro eléctrico son os que máis avanzados están”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Nos decretos vemos que hai pagos de facturas algunhas de marzo de 2019 que se están pagando en decembro de 2019 e quero recordar que se pediu un póliza e crédito de 350.000 € para



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

pagar este tipo de desfases, que dixestes que ía durar pouco tempo, a nosa pregunta é quedan moitas facturas pendentes por pagar do ano 2019?

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Esa é unha pregunta que teño que contestar para o próximo pleno”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Esa póliza de crédito que se sacou de 350.000 € por un ano, sácase co compromiso de cancelala despois do ano ou vai quedar”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Como se fixo sempre”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “É a primeira vez que vexo”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Todos os anos a fin de ano se pide unha póliza de crédito, tamén esas preguntas se queres un día vas arriba e lle preguntas a interventora, que non está, pero está Alicia. Todos os anos se pide a póliza de crédito porque chega decembro é hai moitas subvencións... a Mostra de Encaixe non se cobrou aínda e nós xa pagamos todo, e moitas obras, é liquidez como na vida mesma”.

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Ata agora era ABANCA”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O anterior foi o Sabadell, ao final de ano sempre hai esa póliza de crédito”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Renóvase”

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Non se renova, se solicitan novas ofertas”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “O ano pasado vimos que se contratou un gabinete de comunicación a finais de ano, despois deixamos de ver facturas dese gabinete, agora volvemos a ver facturas dese gabinete, hai necesidade no concello de Camariñas dese gabinete ou se contrata mes si mes non?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Depende, claro, necesidade hai”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Como non se fixo en anos atrás”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Outras cousas non se fixeron, antes non se limpaban as beirarrúas e agora límpanse, depende”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Pois levabas dezaseis anos de tenente de Alcalde”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Pero agora son Alcaldesa”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Xa hai un acordo en firme coa Deputación de A Coruña para incluír nos orzamentos deste ano o centro de día de Camariñas?”



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Hai que adquirir primeiro os terreos, non te preocupes polo meu compromiso co Presidente da Deputación”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Dixeches que estaba firmado”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “E dálle coa miña campaña, preocúpate pola túa que te foi moi mal a miña déixaa estar.

Mira Mauro o centro de día vai ser unha realidade nos próximos catro anos, palabra de Dios”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Catro anos?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Xa me quedan tres, teño que comprar os terreos e teño que mirar a opción que máis económica lle saía ao Concello, teño que mirar os terreos tan pronto teña os terreos Valentín xa firma o convenio, está esperando por min”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Non había un terreos maravillosos que están no PXOM”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Si, explícocho se queres, hai uns terreos que están fronte ao Bar José Manuel que son de catro propietarios que por sentenza firme son deses propietarios e hai que comprarllos”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Amiga! Agora aparecen os propietarios”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “E logo, eu dixen algunha vez que non tiña propietario?”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pichurri dixo que non eran deles, que fora unha doazón”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Había un xuízo e houbo unha sentenza e agora os terreos son deles. Hai outras opcións estamos mirando a opción de Buría, estamos falando co Arcebispo, estamos mirando a mellor opción a que máis barata sexa a obra, a que máis económica saía para o Concello, o centro de día é unha realidade estou buscando unha solución aos terreos”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Cómpralles os terreos que a min me ven ben”.

(Risas)

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “No PXOM está marcado o centro de día alí”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “É o que digo, é que agora, o máis económico, e que ides cambiar o PXOM, logo?”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non, hai máis zonas de equipamentos, cambiar un equipamento é levalo a pleno e xa está. Hai unha zona de equipamento en Buría, hai unha zona nas Malvinas tamén”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “É que fácelo nun terreo que non é do Concello tendo o Concello terreos para facer un centro de día, marcar no PXOM un terreo que non é do Concello... No PXOM está como equipamento municipal un terreo que non é do Concello”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Ningún é do Concello”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “O Concello non ten ningún terreo?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non, na Ponte, se queres”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Hai un bache grande na rúa Cacheiras ao lado do almacén de Estrella Galicia”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Xa me avisaron, vou poñer un cementiño”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Tedes previsto o arranxo da pasarela deses 10.000 € que solicitades para fácelo?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Xa solicitei por escrito e xa firmei con Lorena antonte, pedínlle, supliqueille que me pagara 4.000 euriños porque hai un informe de Sisa onde di que é un fallo de construción pero claro non hai diñeiro, teño que pagar eu todo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Ao final, cristal?”

O concelleiro do grupo municipal do PP, Sr. Pose Parga: “O pagamos todos”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Evidentemente o pagamos todos, se o pagara eu mal íamos.”

Imos cambiar os cristais todos e imos poñer un pasamáns por riba cun suxeita cristais en cada cristal, que foi o que me autorizou, eu díxenlle que para gastar case 12.000 € máis IVE, eu prefería xa cambialo e meter todo de balaustre pero non me permitiu ela. A min me gusta máis de cristal tamén, pero se aguantara. Asinou Lorena antonte, mércores.

O mércores mandei a memoria do Museo do Mar solicitándolle a cesión da lonxa vella”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Como quedou iso?”

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “Inmediato dixeron”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Inmediata a cesión”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “30 anos?”



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Non sabemos, como o GDR acaba a primeiros de marzo queremos saber se nos dan a cesión antes de acabar o mes, para poder pedir ao GDR a construción do museo”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero en principio no pleno que tivestes o PP estaba en contra”.

A Concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Liñeiro Pouso: “Estaban en contra de ceder o edificio o que ceden é o uso, ceden o uso porque está en ruínas tamén. Eu como son de Camariñas o que quero e vela ben”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Así levamos un montón de anos e non nola van arranxar”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Creo que é por 30 anos”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Por 30 anos está ben”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “E o IES?”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Piden 400 € ao mes, xa cho dixen da outra vez. Non me ceden o uso gratuíto”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Estes días vemos a noticia de que se van arranxar os canóns do Soberano, estamos contentos xa que conservación que se fixo durante estes ano, foi fantástica, marabillosa... polos menos agora nos acordamos deles, xa tedes un prazo? E unha ubicación?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Ten que autorizar a ubicación Patrimonio. Hai que pedir autorización para pónelos fóra porque parece que son de interior, eu xa dixen que os quero exteriores pero o ten que autorizar Patrimonio”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Pero Patrimonio? Pero se son dunha muralla serán exteriores”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A que me fixo a memoria me dixo que me ten que autorizar Patrimonio, teremos que esperar que autorice, se autoriza xa veremos a ubicación, ao mellor no xardín da muller traballadora, un pouco máis abaixo, xa veremos”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Os veciños de Bralo levan tempo con problemas na sinal de televisión, non teñen todos os canais, vaise facer algo polo Concello para solucionar este problema?”

O voceiro do grupo municipal socialista, Sr. Caamaño Fernández: “Teñen que chamar a un teléfono o puxen en redes sociais ... publicouse en novembro ... Hai que resintonizar se resintonizando non te vai, mandan un técnico a casa”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Detrás da rúa de Arriba de Arou, por onde vive Eugenia, esta semana tivo que ir unha ambulancia non se acercou ata a casa porque non pasaba”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo: “Non pasa por moitos sitios, non imos tirar as casas”

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “E despois non queren dar os cierres”.

O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo: “Iso é de moitos anos”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Chamoume a min e quedei de ir mirarlle. Cando se fixo esa rúa parece que xa houbo problema e que ninguén quixo ceder”.

O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo: “Unha ambulancia... hai moitos sitios que non chega”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Eu quedei no caso desta chica que me chamou, que parece que ten a nai moi mala, quedei de ir mirar, lle dixen se fixo a rúa nova e non deron..., eu non sei o que puido pasar, estou convencidísima que non deron para poder anhear porque Pichurri anheaba segurísimo”.

O concelleiro do grupo municipal socialista, Sr. Camiño Mouzo: “Na entrada hai un garaxe e unha casa”.

A voceira do grupo mixto-BNG, Sra. Carril Martínez: “Se non se pode non se pode”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Ela dime que se pola parte de arriba, non sei que ... Eu quedei de ir mirar incluso me dixo que este fin de semana me ía chamar”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Na rúa Flaire en Camelle o segundo tramo que se fixo, non hai tanto tempo, hai alcantarillas afundidas, a rúa toda agretada, é unha rúa bastante nova, o estado é preocupante, non sei se está en prazo de reclamar a construtora?”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “O miraremos”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “A rúa Porto segue pendente para cando se acometerá esa obra”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Había que esperar, hai que incorporar remanente que ten un modificado de dez mil euros, vai saír agora”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Vemos que as palilleiras xa non están no Museo do Alemán, pasou algo?”.

A concelleira do grupo municipal socialista, Sra. Tajés Méndez: “Si que están”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “De catro a nove, mandamos unha carta, están de catro a nove, hai unha hora de entrada e unha hora de peche. Estaban sen horario e agora teñen un horario”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Para cando o arranxo do quiosco de Camelle e do pirulí do final do paseo?”.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “A pérgola xa a quitamos, estamos facendo outra nova. E o quiosco.. teño que ir con Rafael Eimil, vai traer unha memoria para arranxalo, quedou que o ía arraxar el. O martes teño que estar ás once con el porque tamén hai o paseo da Area da Vila a Lingunde que Patrimonio descubriu que hai que facer un estudos arqueolóxicos ”.

O voceiro do grupo municipal do PP, Sr. Aufiero Vigo: “Porque hai un castro”.

A Sra. Alcaldesa-Presidenta: “Acordáronse agora que hai un castro, está ben”.

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. Alcaldesa procede a levantala, sendo as 21:30 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asd. Sandra Insua Rial

Asd. M^a Loreto López Fernández